

## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Ricardo Palmás, a Luís Seoane do 21/09/1978**

**Colección:**

**Data:** 21/09/1978

**De:**

Ricardo Palmás;

**Para:**

Luís Seoane;

**Orixe:**

Londres (local), Gran Londres (rexional), Inglaterra (nacional)

**Ficha descriptiva:**

[Carta manuscrita co membrete:] Agencia Efe, S.A. / U.K. CORRESPONDENT / 8, BOUVERIE STREET . FLEET STREET . LONDON E.C.4 . PHONE (01) 353 3605 – TELEX 259389 [marxe superior] // EFE, SPANISH NEWS AGENCY – WORLD SERVICE / HEAD OFFICE: C/ AYALA, 5. MADRID-1 (SPAIN) / TELEX: 27411 [marxe inferior]

**Temáticas:**

Artes; Artes visuais; Espazos artísticos; Exposición de Luis Seoane. Bos Aires. 1978. Galería Bonino; Illustrated London News; Medios de comunicación; Prensa escrita; Radio; Royal Gallery de Londres;

**Mencionados:**

Castelao; Rosalía de Castro; Celso Emilio Ferreiro; Raquel Forner; Fernando Pérez-Barreiro; Maruxa Seoane;

---

## **Transcrición da epistola de Ricardo Palmás, a Luís Seoane do 21/09/1978**

Londres, 21.9.78

Benquerido Seoane:

Hoxe chegaron os libros, a carta e tres diapositivas. Gracias, pasareille todo ao John Purkis. Posíbelmente vaia eu a Cambridge neste sabado. Hai uns días envieille a el un artigo que sobre vostede saíu na Opinión. Xa sei da exposición en Bonino, pois pasou por alí un amigo, quen ouvíuno falar sobre os celtas. Foi un día que vostede estaba con Rafael Forner.

Acabo de rematar para a BBC un artigo sobre a emigración. Custoume ben artellalo pois tiven que comprimir toda a historia dela en 4 folios. Usei testemuños de viaxeiros ingleses en Galicia, textos dos cancioneros populares e de Rosalía e Vd. Levará ilustracións –teño que suxerilas eu– e pensei en tres, como representativas

de distintas visións do feito. Unha de Castelao, unha súa –o debuxo da candidatura democrática– e un curioso grabado do Illustrated London News do século pasado. Este último totalmente descoñecido en Galicia e que atopou o Pérez Barreiro remexendo nunha librería de vello londinense.

Supoño que nestes días recibirá Vd. carta da BBC pedíndolle os correspondentes dereitos.

O artigo publicarase como complemento do noso curso de castelán que fixo a BBC, que remata cunha serie de 5 programas –chamados: realidades españolas– un dos cales está adicado a Galicia. Nestes momentos o equipo está filmando no país. O realizador da serie ficou abraiado cando foi a Galicia –hai uns meses– e soupo do volume de xente que marcha para fora. Os nativos ben gracias, baixo a presidencia do CE Ferreiro.

Cando teña exemplares do livriño, mandareille ún.

Alégrome do seu novo libro de grabados. Imaxino que quedaran moi ben.

Nestes días mandareille o catálogo da exposición de pintura portuguesa contemporánea que hai na “Royal Gallery”. É unha maravilla.

Apertas e lembranzas para Vd. e Maruxa.

Ricardo Palmás

PS: Aproximadamente cando foi a súa exposición en Londres? Refírome ao mes, para atopar no British os comentarios.

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.